

## **Xavier Rodríguez**

### Sobre a historia da traducción do catalán a o galego (e viceversa)

Xa é lugar común o feito do descoñecemento mutuo de galegos, catalans e vascos verbo das súas literaturas. O estado de marxinación no que subsistiron favoreceuno. No que respecta a Galiza, tendo en conta os seus escasos recursos editoriais, calquera traducción en forma de libro foi sempre un luxo que só moi de tempo en tempo nos puidemos permitir, así que sempre tivo, ata non hai moito, un carácter esporádico e fragmentario. A determinación de favorecer a labor traductora por parte das nosas editoras debe encadrarse no período democrático. Creo sinceramente que a maior parte delas arriscaron e arriscan a prol da traducción dentro das súas posibilidades, dada a nosa realidade social e lingüística. A traducción en Galiza está moi condicionada pola situación lingüística, que atravesa grandes dificultades. A perda de falantes e a lentísima recuperación do prestixio social da lingua son atrancos enormes, que mesmo parecen insalvábeis. A crise de lectores é especialmente sensíbel na escasa demanda das obras traducidas e o castelán continúa impoñéndose como lingua termo porque, entre outras razóns, é a lingua habitual, tanto oral como escrita, de moita da xente medianamente culta do noso país: lectores e lectoras alfabetizadas en castelán, analfabetas en galego, alleas á cultura transmitida en galego, con disposición moi remisa a afrontar o esforzo de ler na lingua do país e, menos aínda, se existe unha versión castelá. Por tanto, nesta altura, mesmo podemos afirmar que, en Galiza, a oferta é bastante superior á demanda de traduccions. En xeral, existe a conciencia de que moitas obras mestras da literatura universal foron vertidas ao galego, pero, á hora da verdade, non soen ser requeridas. Por iso grandes novelas do s. XIX, como "A cartuxa de Parma" ou "Os Noivos" foron publicadas mercé a subvencións oficiais e seguen a esperar nos andeis por unha man compasiva. De maneira que mentres que, nos tempos pasados, un dos ideais máis cobizados da nosa cultura foi a maior produción traductora posíbel desas obras, arestora sentimos que esta se verá condenada ao fracaso e que, mesmo considerando a súa valiosa aportación á nosa historia cultural, parece máis efectivo empregar o esforzo en dar a coñecer produccions menos valiosas, pero se cadra máis atractivas e oportunas.

No que respecta á historia da traducción entre o catalán e o galego, velaquí algúns datos para curiosos e curiosas:

- Traducción do catalán ao galego

Ás súas orixes foron tratadas xa por X. Alonso Montero nos anos 60 ("La Noche", 1962). Citemos a traducción de "Lo gayter del Llobregat", de Rubió i Ors a cargo de Antonio de la Iglesia e outros, ou do discurso de Àngel Guimerà con motivo dels "Jocs Florals", a cargo de Alfredo Brañas, ou do poema "El pi de Formentor", de Costa i Llobera, que levou a cabo – non se sabe cando, aínda que se sospeita que na súa xuventude - Leiras Pulpeiro (1854-1912). Citemos tamén a do "Cant Espiritual", de J. Maragall, a cargo de Xosé L. Franco Grande (1960). Despois, temos as versións feitas por A. Cunqueiro a partir de 1962, en que traduciu a Joan Perucho e nas que, de cando en vez, realiza o que el mesmo chamou "anosar", isto é, converter en noso o que é alleo (como xa fixera Leiras con Costa, pois, segundo a opinión do propio Cunqueiro, a súa traducción convertera o mar mediterráneo en atlántico). Con todo, como advertiu no seu momento Xesús González Gómez, Cunqueiro móstrase máis fiel do que un podería pensar, malia as liberdades que se toma aquí e acolá. Canto aos textos poéticos vertidos nos 70, son, que saibamos, fragmentarios. Poetas e escritores, residentes en Barcelona, levan a cabo unha interesante actividade. Citemos, entre outros, Manuel Casado e Xosé Manuel Casado, e a súa "Mostra antolóxica de poetas contemporáneos", Xesús

González Gómez, que traducirá, entre outros, Carles Riba, ou a X, L. García, que verterá S. Espriu. No que respecta á prosa, poucos libros se publicaron desde que no ano 1932 a revista relixiosa "Logos" deu a coñecer un texto do bispo Torres i Bages, titulado "A piedade e a lingua materna". Os textos teatrais correron peor sorte. A única traducción existente neste xénero, entre 1960 e 1978, tal vez sexa "O retábulo do flautista", de Joan Teixidor. Con todo, a partir dos anos 80, no que respecta á narrativa, existe maior produción traductora. Penso nas tres novelas de Manuel de Pedrolo, publicadas por Galaxia, en "A magnitude da traxedia" de Quim Monzó, que Manuel Cortés traduciu para "Positivas", "A Praza do Diamante", feita por Pilar Vilaboi tamén para esa editora, en "O vaso de prata", de Antoni Mari (Ed. Sotelo Blanco), en traducción de Antón Dobao, en "Emboscadas no gran norte", de Margarida Aritzeta, por García Bugarín., que tamén traduciu dúas das novelas de Pedrolo. Últimamente, apareceu en Galaxia "Señoría", de Jaume Cabré, por obra de Dolores Martínez Torres. Engado a esta lista: Pere Calders ("Crónicas da verdade oculta", Xerais 1985), Miquel Àngel Riera ("Fuxida e martirio de San Andreu Milà", Xerais, 1994), M<sup>a</sup> Àngels Anglada ("O violín de Auschwitz", Xerais, 1996), Jesús Moncada ("Camiño de Sirga", Xerais 1997), Joan Perucho ("Monstruario fantástico", Galaxia, 1998), todas da miña autoría. Canto á literatura infantil e xuvenil, a versión de obras catalanas é xa moi numerosa, e vai desde obras de Isabel Clara Simó e Joan Barril ata os inevitábeis "Flanaghan", dos que tamén teño traducido algúns. Non podemos esquecer obras de xénero ensaístico, como "O nacionalismo español", de Sort i Jané (Laivento), "O nacionalismo na era tecnolóxica", de Xavier Duran (Laivento), "Unha lingua é un mercado", de Jesús Royo (Xerais), "O entusiasmo reflexivo", de Vicenç Llorca (Espiral Maior). Tamén podemos ler en galego o paso de Josep Pla por Galiza ("Viaxe por Galicia. De Ribadeo a Tui", trad. de Leandro García Bugarín. Galaxia, 1999). Voltando á poesía, a maioría das traduccions do catalán ao galego, aínda que xa comezan a ser máis frecuentes, soen ter un carácter esporádico, como o demostra o feito de que a penas existen a través de libros enteiros, como son o caso de "Laranxa de ceo de novembro", de Lluís Alpera, traducido por Méndez Ferrín, ou "Ferros e ameixas", de Carles Bellsolà, por Antón Do Bao. Cítome a min mesmo con "Trece poetas cataláns", "Vinte poetas das Baleares", e as antoloxías da poesía de J. M<sup>a</sup> Llompart, Blai Bonet, Marian Villangómez. En preparación: Roselló-Pòrcel, Miquel Àngel Riera e Miquel Costa i Llobera. Nesta importante campaña de difusión da literatura balear, cabe destacar tamén as traduccions de X. González Gómez respectivas ao teatro (Villalonga, A. Ballester etc.)

- Traducción do galego ao catalán

Tamén aquí o xénero que predomina é o lírico, como é natural. As primeiras traduccions son moi temperás e teñen como obxecto a transmisión da obra de Rosalía, da que os "Cantares gallegos" causaron forte impacto en Cataluña. X. Alonso Montero publicaba outro artigo no xornal "La Noche", en 1962, cuxo título nos informaba: "Víctor Balaguer tradujo al catalán "Castellanos de Castilla" en 1868". Do mesmo ano datan versións de outros "cantares" por obra de Joaquim Riera e Antoni Caseta. É, de certo, impresionante que tres autores cataláns traduzan Rosalía cinco anos despois da publicación dos "Cantares". Dalí a pouco, no 1878, Martí i Trenchs publicaría outra versión dun poema rosaliano, preámbulo dos seus "Cantares Gallegos, Poesies gallègues extretes del llibre titolat "Cantares Gallegos", traduhides en vers català", que apareceu en Barcelona no ano 1917. Este libro ten un alto interese, tanto pola súa extensión, xa que recolle a maior parte dos "Cantares", como pola calidade da traducción, que en todo momento procura a identificación co orixinal, tanto semántica como fonicamente. No ano 1954, publicou Tomàs Garcés os seus "Deu poetes gallecs", que inicia en

Rosalía e remata en Cuña Novás. Trátase dunha traducción moi libre, dunha adaptación, máis ben. Nos anos 70, a poesía galega ha gozar dun excelente traductor, o poeta mallorquino Josep M<sup>a</sup> Llompart. Gran coñecedor desta poesía, consagraralle os seguintes libros: "Quize poetas gallecs", Moll, 1976, "Poesía galaico-portuguesa" ed. 62, 1984, "Poesía galega, portuguesa i brasileira moderna", Ed. 62, 1988 e o magnífico libro, prologado por Perfecto Cuadrado, "Luis Pimentel i Celso Emilio Ferreiro. Poemes", publicado en Palma, en edición da Consellería de Cultura do ano 1992. Estas traduccions posúen un mérito incuestionábel: o de transmitiren fielmente – ata onde é posíbel – o significado e ritmo orixinais, e o de seren auténticos poemas en catalán (e, por veces, na súa variante mallorquina, rasgo este que o propio autor esclarece e valoriza). E, nun prólogo, afirma: "No hem sabut resistir la temptació de fer un poc nostra la poesia aliena". Isto é, voltamos á concepción cunqueiriana de "anosar", pero agora de xeito máis moderado e harmónico. O propio Llompart prologará no ano 1993 un libro doutro dos grandes da traducción do galego ao catalán, o poeta sabadellense Jordi Domènech: "Herba aquí o allà", de A. Cunqueiro (Colección de Poesía Universal de Llibres del Escorpí. Ed. 62). Domènech, nesta altura, é autor dun considerábel número de traduccions do galego que, durante anos, foi enviando por correo a amigos e coñecidos. Traductor honrado, escrupuloso, dunha fidelidade non exenta de tensión creativa. Outros poetas, como Manuel Antonio, este xa no ano 1979, Alfonso Pexegueiro, por obra de Jordi Graells ("L'illa de les dones folles"), Miguel Anxo Fernán-Vello, por Ramon Dachs ("El llibre dels paisatges vius") e Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo, en excelente traducción de Xulio Ricardo Trigo ("Foc blanc") foron vertidos a través dun libro completo, como se pode apreciar. Canto a antoloxías, a parte da de Llompart, fólgame de citar "Sis poetas gallecs", edición que preparei xunto con Àlex Susanna e que apareceu na editorial Columna no ano 1990.

Canto á prosa, foi escasa a atención das editoras catalanas á literatura galega, desde que no ano 1983 Edicions 62 publicara unha antoloxía de Castelao titulada "El problema de les nacionalitats ibèriques", en traducción de Xosé Lois García. No ano 1987 tiven o valor e, sobre todo, a ousadía de aceptar a proposta de Laia de traducir "Bretanya, Esmeraldina", de M. Ferrín, e no ano 2000 a editora tarraconense Abella tiroume do prelo os magníficos contos que integran "Els llum dels extraviats", de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo. Debo laiar-me por me sentir tan escasamente acompañado nesta angueira. A penas por un valenciano, Miquel Martínez, autor do volume "Amor d'Artur", de M. Ferrín, e por unha filla de galego, Lluisa Soás, traductora de Manuel Rivas. O posíbel esquecemento dalgún libro máis, por causa de morar lonxe dos Países Catalans e da súa cultura, sería obxecto da miña petición de desculpa, pero pouco habería de contribuír en paliar a descripción do escaso eco que o noso libro esperta por esas latitudes, onde, sen dúbida, a crise editorial esixe poñer maior atención nos efémeros, pero máis gratificantes, éxitos internacionais e culturas máis exóticas.